

CONFERENCIAS

Sábado 13 de novembro

Conferencia: CIEN AÑOS DE INVESTIGACIÓN EN LA MISIÓN BIOLÓGICA DE GALICIA

Conferenciante: Elena Cartea González

A súa carreira investigadora céntrase na mellora xenética de brásicas hortícolas e iníciase coa realización da súa Tese de Doutoramento na Misión Biolóxica de Galicia (MBG-CSIC), no ano 1992. Logo dunha estadía postdoutoral, incorporouse en 1997 á MBG como Investigadora contratada ata agosto de 2000, no que tomou posesión como Científica Titular, momento no que se crea un novo grupo de investigación centrado na xenética e mellora de brásicas, baixo a súa responsabilidade.

A súa achega particular consistiu na posta en marcha de novas liñas de investigación e en consolidar o actual grupo de Xenética, Mellora e Bioquímica de Brásicas da MBG.

Leva a cabo dúas liñas de investigación, unha centrada na resistencia a pragas nos cultivos e unha segunda relacionada coa calidade nutricional baseada no estudo de compostos bioactivos (glucosinolatos e outros metabolitos secundarios), relevantes polas súas propiedades beneficiosas para a saúde, incluíndo o estudo das propiedades anticanceríxenas dos glucosinolatos en cancro de próstata e de mama.

Publicou máis de 100 artigos de investigación en revistas internacionais e nacionais de alto prestixio, ademais de libros e capítulos de libros, e máis de 50 achegas en congresos e revistas de divulgación. Participou en 43 proxectos de investigación nacionais e internacionais, sendo a investigadora principal en 22 e en 12 contratos con empresas e administracións públicas. Presenta 5 patentes en forma de rexistros varietais de variedades de diferentes cultivos de berza, repolo, col asa de cántaro, grelos, nabizas e nabicol.

Participou activamente en programas de divulgación e na formación de persoal investigador e técnico. Desenvolveu funcións de xestión da investigación como experta en ciencias agroalimentarias e xenética en diferentes comisións do Ministerio de Ciencia e Innovación e da Junta de Andalucía. Impartiu aulas en 6 programas de doutorado da USC e da Uvigo, dirixiu Teses Doutorais e supervisou proxectos fin de carreira e traballos de Grao e Fin de Mestrado.

Actualmente imparte docencia no Mestrado Universitario en Xenómica e Xenética da USC e da Uvigo na materia 'Compostos bioactivos en plantas e a súa xenética'.

Desde 2011 a 2015 foi vicedirectora da Misión Biolóxica de Galicia e desde xuño de 2015 é a directora deste centro de investigación.



Sábado 13 de novembro**Conferencia: CUESTIÓNS CLAVE NA ECONOMÍA DO CAMBIO CLIMÁTICO****Conferenciante: María Luz Loureiro García**

Catedrática de Economía, dende o 2017, na Universidade de Santiago de Compostela no Departamento de Fundamentos da Análise Económica, no que desenvolve un labor de investigación vinculado á Educación Ambiental. A súa actividade investigadora está centrada na economía da enerxía, a economía ambiental e a economía agrícola, da cal derivan máis dun cento de artigos dos que é autora e coautora. Na actualidade, é a IP do grupo de investigación ECO-IURIS da USC, e tamén é IP dun proxecto

en curso titulado "Economía do cambio climático: vulnerabilidade e políticas de adaptación e mitigación en España", financiado pola Axencia Estatal de Investigación (2020-2024).

Ten participado como experta na análise económica dos problemas ambientais ocorridos en Galicia, como a catástrofe do Prestige, no 2002, ou os incendios forestais do 2006.



Sábado 27 de novembro

Conferencia: A CIENCIA CONTRA A DESINFORMACIÓN

Conferenciante: Deborah García Bello

Química, investigadora e divulgadora científica.

Investiga ciencia de materiais no Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade de A Coruña. Traballa como divulgadora científica en varios medios de comunicación: **Televisión Española** (Órbita Laika e La hora de la 1), **La Sexta** (Más vale tarde), **Televisión de Galicia** (Quen anda aí? e Aquelando), **Radio Nacional** (autora del espacio Azul Ultramar) e **Radio Galega** (Galicia por diante e Efervescencia).

É comisaria da gran exposición «Galicia Futura» sobre ciencia e arte da **Xunta de Galicia** na Cidade da Cultura. Ademais é autora da **columna semanal «Ciencia aparte»** en El Muro de La **Sexta** e presentadora do **podcast Hola Planeta** sobre tecnoloxía e sostenibilidade de Orange. Forma parte do equipo de formación e transferencia científica dos laboratorios do **Grupo L'Oréal**: La Roche Posay e L'Oréal París. Ten publicado os libros «Todo es cuestión de química», «Que se le van las vitaminas» e «No tocar» na Editorial Paidós.

Recibiu numerosos galardóns, como os Premios **Bitácoras**, **Prisma** e **Tesla**, entre outros. En 2019 foi **elixida pola revista Forbes como unha das persoas máis influíntes na comunicación científica**.

Recentemente foi seleccionada como unha das **10 Top Voices por LinkedIn** e unha das tres mellores divulgadoras científicas en redes sociais nos **Premios Boehringer**.



Sábado 27 de novembro**Conferencia: EPIDEMIAS POR CORONAVIRUS
HUMANOS ALTAMENTE PATÓGENOS PARA LAS
PERSONAS: DISEÑO DE VACUNAS****Conferenciante: Luis Enjuanes Sánchez**

Luis Enjuanes traballou no campo da viroloxía durante máis de 40 anos, incluíndo máis de 35 anos en coronavirus. O seu interese actual é o estudo dos mecanismos de replicación, transcrición, virulencia e interacción virus-hóspede dos coronavirus. Ten publicado máis de 235 artigos en revistas internacionais e 58 capítulos de libros. Actualmente é Profesor de Investigación e Xefe do Laboratorio de Coronavirus no Centro Nacional de Biotecnoloxía do CSIC.

Enjuanes foi “Fogarty Visiting Fellow” nos Institutos Nacionais de Saúde (NIH) en EE UU, e Científico Visitante no Centro de Investigacións sobre o Cancro (FCRC) dos Institutos Nacionais de EE UU (NIH). Foi Editor-en-Xefe de Virus Research.

É profesor de Viroloxía da Universidade Autónoma de Madrid e do Instituto Pasteur de París. Foi nomeado “Virólogo Senior Distinguido” pola Sociedade Española de Viroloxía; Académico da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais; e Académico da Academia Norteamericana de Microbioloxía. Recibiu a medalla ao Mérito na Investigación e na Educación Universitaria concedida polo Ministerio de Ciencia e Innovación. No ano 2021, Enjuanes foi nomeado membro Internacional da Academia Nacional de Ciencias de EE UU (NAS).

É “Expert Consultant” dos NIH e da Organización Mundial da Saúde.



Sábado 27 de novembro

**Conferencia:
MONÓLOGO CIENTÍFICO-
MATEMÁTICO: APOSTAR
O NO APOSTAR**

**Conferenciante: Víctor
Manero García**

Licenciouse en
Matemáticas pola
Universidade de Zaragoza
e acadou o doutorado nesa
mesma disciplina pola

Universidade do País Vasco. Na actualidade é profesor contratado doutor interino na área de Didáctica das Matemáticas da Universidade de Zaragoza, área na que tamén desenvolve a súa investigación, ademais de traballar en Xeometría Diferencial.

É autor de varios artigos en revistas de ámbito internacional e ten participado en numerosos congresos, cursos e seminarios.

Ademais do seu labor docente, ten un papel moi activo como divulgador das matemáticas, impartindo charlas en centros educativos e on-line. Divulga ciencia a través de twitter e colabora con diferentes medios de comunicación, entre eles o Diario ABC, na sección ABCdario de Matemáticas.

Desde 2020 é membro da comisión de *Divulgación da Real Sociedade Matemática Española* e foi recentemente galardoado co Terceiro Premio do certame de monólogos científicos **Famelab** España 2020 polo monólogo "To bet or not to bet".

